



LENDA DAS LAVANDEIRAS (QUIROGA)

Hai unha lenda que fala das misteriosas e profundas augas do río Sil, na Ribeira Sacra, na provincia de Ourense, como un lugar de intrigantes covas e pasadizos, amores imposibles e seres mitolóxicos que habitan nas súas profundidades.

Conta a lenda que a filla dun nobre de Quiroga lle gustaba percorrer os montes do redor vestida con roupas vulgares, co obxecto de pasar desapercibida entre a xente humilde.

Nunha tarde de outono atopou nun dos seus paseos a un xove cazador, que viña de cazar un cervo cunha ballesta. A doncella, a cal tiña unha fermosura que era como a dunha fada, deuse a coñecer como pertencente ó Castelo de Quiroga, mentras que fíxoo como o vasallo do señor de Osorio, de Castro Caldelas. Mismamente, a beleza de ambos fixo que se namoraran nese mesmo intre o un do outro. Estos acordaron manter máis encontros.

Aqueles encontros tiñan lugar á ribeira do Sil e ó facerse frecuentes chegaron ós oídos do pai dela. Don Pedro de Quiroga, que así se chamaba, consideraba aos de Castro Caldelas os seus adversarios e indignos de pretender a súa filla, motivo polo cal lle prohibiu volver a ver o seu chico cazador.

A pesar de todo, os namorados atopáronse outra vez en seguida, posto que había un pasadizo que comunicaba o Castelo de Quiroga cun túnel que pasaba debaixo do río Sil e chegaba ata o Castelo de Castro Caldelas. O pai da chica deuse conta rápidamente do que pasaba e considerándoo unha ofensa decidiu imponer un castigo a ámbolos dous rapaces.



Así, unha vez que os amantes entraran dentro do pasadizo para correr un ós brazos do outro, o pai dela mandou os seus homes que pecharan as dúas entradas do túnel cunha gran cantidade de rochas para que este non se pudiera volver abrir.



Desta maneira, quedaron baixo as augas do río Sil, os amantes, para sempre.

Cóntase que eles foron proxenitores das lavandeiras, eses seres mitolóxicos que a crenza popular sitúa nas augas deste río, e das que se cre que lavan e pulen as pepitas de ouro que o río Sil ten no seu leito.











Curso 2º B